



Compostela
Cultura

VIAXES

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
Real Filharmonía de Galicia

XOVES 3

FEBREIRO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Arredor do piano

Lars Vogt Director e Piano



PROGRAMA

I

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Sinfonía núm. 8 en Fa Maior, op. 93

Allegro vivace [e] con brio

Allegretto scherzando

Tempo di menuetto

Allegro vivace

II

LUDWIG VAN BEETHOVEN

Concerto para piano núm. 5 en Mi bemol maior, op. 73 “Emperador”

Allegro

Adagio un poco mosso

Rondo: Allegro

Lars Vogt, piano

Duración aproximada do concerto: 1 hora

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)

Adriana Winkler (axuda de concertino)

Anca Smeu **

Victoria Jurov

Daniel Kordubaylo

Claudio Guridi

Michal Ryczel

Ilya Fisher

Yulia Petrushevskaya

Anna Alexandrova

Ildikó Oltai

Pau Fogàs ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Samira Ajkic

Helena Sengelow

Elina Viksne

Gyula Vadaszi

Irina Gruia

Kiyoko Ohashi

Carla Alonso ***

Estefanía Del Barrio ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Timur Sadykov

Ionela Ciobotaru

Oxana Bakulina

Anne Schlossmacher

Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Thomas Piel

Ana Represas ***

Millán Abeledo

Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luís Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Vicente López *

Saúl Canosa (R)

Tonio Comesaña ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

Marta Balsa ***

TROMPAS

Alfredo Varela *

Jordi Ortega *

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Lars Vogt

Director e Piano

Lars Vogt consagrouse como un dos músicos máis recoñecidos da súa xeración. Nacido na cidade alemá de Düren en 1970, chamou por primeira vez a atención do público cando aos 20 anos obtivo o segundo premio do Concurso Internacional de Piano de Leeds en 1990. Desde entón goza dunha intensa carreira de máis de 30 anos repleta de proxectos que abranguen desde a música de Bach, Mozart ou Beethoven até os románticos Schumann, Brahms, Grieg, Chaikovski e Rachmaninoff, integrando ademais o repertorio do s. XX, con obras como o cegador concerto de Lutoslawski.

Complementando a súa carreira como pianista, Lars traballa de forma regular como director de orquestra, asumindo o cargo de Director Musical da Orquestra de Cámara de París en xullo de 2020. Xunto a esta orquestra, foi nomeado comisario artístico na temporada 21/22 do seu

propio ciclo no Teatro dos Campos Elíseos e a Sala Pierre Boulez, ademais de proxectar diferentes xiras. Continúa así mesmo a súa relación coa Royal Northern Sinfonia, agora como Principal Artistic Partner, tras un exitoso período de cinco anos á fronte da institución como Director Musical.

Entre as súas colaboracións como director de orquestra destacan os seus proxectos xunto á Orquestra de Cámara de Zúric, Camerata de Salzburgo, Orquestra de Cámara de Bremen, Orquestra da Ópera de Hannover, Sinfónica da Ópera de Frankfurt, Filharmónica de Varsovia ou as sinfónicas de Sidney, Singapur ou Nova Zelandia. En maio de 2019 púxose á fronte da Mahler Chamber Orchestra, coa que realizou unha aclamada xira por Alemaña e Francia, actuando en Berlín, Frankfurt e París.

Ao longo da súa carreira, actuou con algunhas das orquestras máis recoñecidas, como a Orquestra Real do Concertgebouw, Orquestra de París, Academia Nacional de Santa Cecilia, Filharmónica de Berlín, Sinfónica de Berlin, Sinfónica da Radio de Baviera, Staatskapelle de Dresde, Filharmónica de Viena, Filharmónica de Londres, Sinfónica de Londres, Filharmónica de Nova York, Sinfónica de Chicago, Orquestra de Filadelfia, Sinfónica de Boston ou Sinfónica da NHK.

No seu novo lanzamento discográfico, Lars Vogt afonda nas obras para piano solo de Leoš Janáček (1854-1928), unha das personalidades máis orixinais entre os compositores do século XX. O álbum inclúe tres das obras para piano solo máis coñecidas e extensas do compositor, enmarcadas por unha fonda melancolía e paixón que manifesta o seu rico mundo interior a través dunha linguaxe musical aínda atemporal.

O *Concerto para piano núm. 5 en mi bemol maior op. 73* é o último concerto para ese instrumento do compositor de Bonn. En maio de 1809, Napoleón invadía Austria e a noite do 11 de maio os canóns franceses soaban sobre Viena para forzar ao arquiduque Maximiliano á rendición incondicional de xeito que a familia imperial e toda a corte, incluído o arquiduque Rodolfo -alumno e benfeitor de Beethoven-, fuxiron da cidade. A pesar dos perigos dunha cidade ocupada, o compositor seguiu escribindo, entre outras obras, o quinto dos seus concertos para piano. A partitura quedou interrompida pois a casa do músico estaba preto da contenda pero, temporalmente, puido refuxiarse no soto da casa do seu irmán e esas circunstancias causaron nel tal impacto que o describe así: “O desenvolvemento enteiro do asunto tivo efecto tanto no meu corpo como na miña alma... Que vida tan destrutiva e desolada me rodea! Nada máis que tambores, canóns e sufrimento humano de toda clase!”. A crise na súa crecente xordeira, que lle provocaba unha fonda vida interior cun increíble mundo sonoro, sumada ao clima bélico vivido foron o caldo de cultivo para este concerto. Apréciase claramente no primeiro movemento que permite imaxinar as tropas inimigas irrompendo na cidade, nun tema

co ímpeto dunha marcha militar. Desde o inicio a obra medra en intensidade, a orquestra abre cun grande acorde e dá paso a unha sección onde o piano é o protagonista a través das cadencias escritas que manifestan a importancia de escalas e trinos durante toda a peza. A coda é especialmente longa e case necesaria para pechar un movemento que alterna entusiasmo e enerxía con momentos de certo intimismo. O *Adagio un poco mosso* adquire un lirismo especialmente destacable no piano; a integración do instrumento solista na orquestra, un coral debuxado pola corda e unha discreta intervención das trompas, outorgan ao movemento unha forza conmovedora case mística. A coda suxire o tema principal do terceiro movemento que se interpreta sen solución de continuidade co segundo. En forma de rondó tradicional, o *Allegro ma non troppo* échese de brío entolecido chegando a parecer que a estrutura musical acada cariz de improvisación. Un redobre de timbal é o preludio aos acordes do piano que dan profundidade ao triunfo da expresión. O *Emperador* non só abre a porta cara ao concerto romántico, senón que a traspasa. Finalizado en 1811 e estreado en novembro dese ano na Gewandhaus de Leipzig, conta a lenda que o sobrenome

chega despois dun concerto en Viena en 1812 cando un oficial francés exclamou admirado tras o concerto: "Este é o emperador de todos os concertos!".

A *Sinfonía nº 8 en Fa maior op. 93* foi composta por Beethoven case ao mesmo tempo que a *Sétima*, e por oposición a esta, foi considerada a 'pequena sinfonía' aínda que para o compositor foi unha das máis importantes. Comezou a traballar nesta peza no mesmo ano que finalizou o Emperador, entre o verán e o outono, pero a maior parte compúxoala entre a primavera e o verán de 1812, unha vez finalizada a *Sétima*, na cidade balneario de Teplitz (Bohemia) onde trataba de curarse as súas doenzas pero nun momento vital de gran felicidade, ao parecer debido ao seu namoramento dunha cantante berlinesa. A partitura non foi rematada ata outubro do mesmo ano en Linz e o propio Beethoven estreouna o 27 de febreiro de 1814 en Viena e a pesar do seu drama persoal pola incompreensión dos que o trataron -Goethe escribiu sobre o de Bonn "É posible que teña algo de razón ao considerar que o mundo é un lugar detestable, pero seguramente non o volve un pouco máis agradable, nin para el nin para os demais, coa súa actitude"- máis a súa xordeira, non disiparon

o optimismo que desprende esta *Oitava Sinfonía*. Con estrutura de sonata, o animado *Allegro vivace* non ten introdución, empeza directamente entoado polos violíns ao unísono e máis tarde, polo clarinete. A reexposición comeza dun modo brillantísimo, vai seguida por unha longa coda -case cen compases- e termina cun *pianissimo*. O metronómico e divertido *Allegretto scherzando* é o fragmento máis famoso da sinfonía, sen desenvolvemento e exposto polos violíns primeiros, tras uns acordes previos nos metais que marcan o ritmo a modo de son que se produce ao darlle corda a un reloxo. Beethoven, que xa abandonara o minueto, pensou que non sería sensato continuar en clave de humor con outro *scherzo* (literalmente, broma) polo que volveu ao clásico *Tempo di menuetto*, de aire haydiano inspirado nunha danza folclórica austríaca e no que non desapareceron totalmente os toques xocosos. Do mesmo xeito que o primeiro movemento, o *Allegro vivace* final está en forma sonata pero, ao revés do feito no primeiro, Beethoven, unha vez máis, rompeu moldes e fixo algo do todo novo e orixinal sobre un tema húngaro, o himno de Hunyadi, inspirado na chegada duns músicos a unha alegre festa.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 10 febreiro, 20:30 h
POSTAL DESDE VENECIA
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Enrico Onofri, director
Francesca Aspromonte, soprano

A. Vivaldi: Concerto Per Parigi en Do maior
RV114
A. Vivaldi: Laudate Pueri, RV600
G. Rossini: Sonata para cordas núm. 1 en
Sol maior
L. Boccherini: Sinfonía núm. 26 en Do
menor, G519

19:45 h
Sala Mozart
Conversando con...
Enrico Onofri

Xoves 24 febreiro, 20:30 h
VIAXE INTERIOR
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director

G. Mahler: Sinfonía núm. 7 en mi menor
(orq. J. Trillo)*

* Encargo da RFG

19:45 h
Sala Mozart
Conversando con...
Paul Daniel e Joam Trillo

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

